



## ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DUN TÉCNICO DE INSERCIÓN LABORAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TERRITORIO DE EMPREGO 2016-2017.

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as 12:30 horas do 23 de setembro de 2016 reuniuse a comisión de selección dun técnico de inserción laboral para o desenvolvemento do programa territorio de emprego 2016-2017, composta polos seguintes membros:

- Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón
- Eva Pérez Álvarez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Cedeira.
- Senén Martínez Prieto, Técnico de xestión económica do concello de Valdoviño.
- Luis Alcalá Baillie, Xerente da Mancomunidade.
- Leopoldo Moure García, Secretario da Mancomunidade.

Ao inicio da sesión o Secretario da Mancomunidade formula unha cuestión de orde sobre o pagamento de asistencias aos membros desta comisión. Os asistentes acordan instar ao Xerente da Mancomunidade á realización dos trámites oportunos para o pagamento de ditas asistencias, incluídas as correspondentes a anos anteriores, con criterio análogo ao aplicado polo concello de Ferrol.

A continuación desenvólvese a reunión de acordo coas fases establecidas nas bases do proceso selectivo.

### 1. Valoración de Méritos

Os asistentes examinan a documentación presentada polos candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego, do que resultan as seguintes puntuacións:

Gonzalez Arias Pedro			
Apartado	Puntos	Uds.	Título
Titulación académica	2,5		Licenciado en Filosofía y Ciencias de la Educación (Sección Ciencias de la Educación-Pedagogía)
Experiencia en P.I.E.	2	1	
Experiencia docente	4,5	>255	
Total	9		

Rodríguez Graña, Beatriz			
Apartado	Puntos	Uds.	Título
Titulación académica	2,5		Licenciado en psicología
Experiencia en P.I.E.	0		
Experiencia docente	4,5	>255	
Total	7		

Sequeiro Graña, Cristina			
Apartado	Puntos	Uds.	Título
Titulación académica	2,5		Licenciada en ciencias económicas
Experiencia en P.I.E.	6	3	
Experiencia docente	4,5	>255	
Total	13		



## 2. Entrevista

A continuación procédese á realización de entrevistas, nas que se valoraron conforme as bases os seguintes aspectos demostrados pola persoa candidata:

- Coñecemento do mercado laboral, dos sectores emerxentes e do territorio.
- Capacidade para traballar con distintos perfís de usuarios do PIE.
- Capacidade de comunicación.
- Coñecementos de xestión administrativa de programas de emprego.

Os candidatos obtiveron as seguintes puntuacións:

Candidato	Puntos
Gonzalez Arias Pedro	4,3
Rodríguez Graña, Beatriz	4,0
Sequeiro Graña, Cristina	4,5

## 3. Resultado final

De acordo coas anteriores puntuacións, a comisión de selección establece a seguinte orde de prelación de candidatos:

Orde de prelación	Persoa candidata	Puntuación		
		Méritos	Entrevista	Total
1	Sequeiro Graña, Cristina	13	4,5	17,5
2	Gonzalez Arias Pedro	9	4,3	13,3
3	Rodríguez Graña, Beatriz	7	4,0	11

En consecuencia, a Comisión de Selección PROPÓN:

1. A contratación de Cristina Sequeiro Graña como técnico de inserción laboral para o desenvolvemento do programa *Territorio de emprego 2016-2017*.
2. A aprobación da prelación arriba transcrita para a súa utilización nos supostos de renuncia, ausencia, enfermidade ou vacante, segundo o establecido nas bases.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as 13 horas e 45 minutos do día arriba indicado, do que, como secretario, DOU FE.

O Xerente da Mancomunidade

Asdo.: Luis Alcalá Baillie

O Secretario da Mancomunidade

Asdo.: Leopoldo Moure García